



dende o exilio

XOVES 9 NOVEMBRO 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Aarón Zapico, director

CONVERSANDO CON...

Aarón Zapico

Sala Mozart, 19:45 h

fiando historias

MIGRACIONES

PROGRAMA

CHARLES AVISON (1709-1770)

Concerto grosso núm. 5 en re menor, sobre as sonatas de Domenico Scarlatti

Largo

Allegro

Andante moderato

Allegro

JOSÉ CASTEL (1737-1807)

Sinfonía núm. 3

Allegro

Andante gracioso

Minuetto

GEORG PHILIPP TELEMANN (1681-1767)

Abertura "La Bizarre" en Sol maior

Overture

Courante

Gavotte ed rondeau

Branle

Sarabande

Fantasia

Menuet I & II

Rossignol

JOHANN SEBASTIAN BACH (1685-1750)

Sinfonía da Cantata núm. 42 "Am Abend aber desselbigen Sabbats"

FRANZ XAVER RICHTER (1709-1789)

Grande Sinfonía, núm. 4

Allegro

Andante

Allegro

JOSEPH HAYDN (1732-1809)

Sinfonía núm. 30 en Do maior "Alleluia"

Allegro

Andante

Tempo de menuetto più tosto allegretto

Duración aproximada do concerto: 70 minutos (sen pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Aarón Zapico

VIOLÍNS I

Andoni Mercero
(concertino convidado)
Anca Smeu (axuda de concertino)
Victoria Jurov **
Daniel Kordubaylo
Ilya Fisher
Anna Alexandrova

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Elina Viksne
Enrique Roca
Samira Ajkic
Helena Sengelow

VIOLAS

Ionela Ciobotaru *
Anne Schlossmacher **
Timur Sadykov
Ignacio Marino

VIOLONCELLOS

Barbara Switalska *
Álvaro Peregrina **
Thomas Piel
Carlos García

CONTRABAIXOS

Alfonso Morán *
Amador Del Pozo **

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

FAGOTES

Manuel Veiga *

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón **

ÓRGANO/CLAVE

Diego Fernández (R)

*principal | **coprincipal | (R) reforzo

BIOGRAFÍAS

Aarón Zapico

Director

Aarón Zapico é un dos artistas máis solicitados do panorama actual que durante o últimos vinte anos contribuíu de maneira definitiva á recuperación do patrimonio musical español e á renovación do sector da música clásica mediante a creación de ousados e innovadores programas. A súa presenza á fronte de importantes orquestras sinfónicas e agrupacións especializadas, entre as que destacan as de Galicia, RTVE, Extremadura, Asturias, Almería, Oviedo, Málaga, Granada, Córdoba ou Bilbao, é parella á dirección musical e artística do seu conxunto Forma Antiqua, considerado como un dos máis prestixiosos e influíntes do país.

Actualmente o seu traballo céntrase na dirección de ópera barroca e música orquestral, unha nova mirada ao século XVIII español, o traballo con grandes solistas e, mesmo, frecuentes incursións na música contemporánea e proxectos transversais que aúnan diferentes disciplinas artísticas, como o cinema e a literatura. É convidado con regularidade a salas da

importancia do Teatro Real, Teatro de la Zarzuela e Auditorio Nacional de Madrid, Palau de la Música de Barcelona, Teatro de la Maestranza de Sevilla, Teatro Campoamor de Oviedo, Palacio de Festivales de Santander, Teatro Arriaga de Bilbao, Palau de les Arts de Valencia ou Festival Internacional de Música de Granada, entre moitos outros escenarios, onde presenta atrevidos programas sempre valorados pola súa cohesión e calidade. Embaixador do patrimonio español no Rudolfinum de Praga, da obra de Bach no seu festival de Eisenach, da música de Händel no seu festival de Ache é invitado frecuente nos festivais europeos de maior tradición, a súa cuidada e selecta discografía na casa alemá Winter & Winter recibe o aplauso unánime da crítica especializada, e foi nomeado en varias ocasións aos International Classical Music Awards.

Foi profesor en diferentes conservatorios superiores e docente convidado en universidades de España, Panamá, Costa Rica, Australia ou Singapur. De espírito inqueda, comprometido e emprendedor, fundou asociacións e plataformas para a protección dos dereitos dos músicos, proxectos sociais e solidarios coa música como

elemento integrador ou o primeiro concurso de música antiga en España. A pesar da súa mocidade, a súa traxectoria foi merecedora de diversos premios e recoñecementos de prensa, radio e televisión, concellos, asociacións de músicos e festivais ou fundacións culturais de todo o país.

Aarón Zapico é xurado dos Premios Princesa de Asturias das Artes.

NOTAS AO PROGRAMA

No ano 1670, Richard Lassels, na súa obra *A viaxe a Italia*, acuñaba o nome de “Le grand tour” para denominar a viaxe con fins formativos que os mozos da aristocracia inglesa debían emprender pola Europa continental para ampliar os seus coñecementos culturais e sobre os modais e a vida en sociedade. Este costume, en auge dende finais do s. XVII e ao longo de toda a centuria seguinte, estaba moi influenciado polas ideas do empirismo de autores como Locke que defendían que o saber debía adquirirse a través da experiencia. O mestre Zapico propónnos hoxe unha *tourné* ben especial: un percorrido polo século das luces (s.XVIII) para descubrir as orixes e desenvolvemento da sinfonía da man de compositores de moi diversas procedencias: Charles Avison (Inglaterra), José Castel (España), Georg Philipp Telemann e Johann Sebastian Bach (Alemaña), Franz-Xaver Richter (Moravia, República Checa) e Joseph Haydn (Austria). A sinfonía converterase no xénero máis relevante da música orquestral entre 1750 e 1800 grazas á expansión dos concertos públicos e privados e tivo moitos proxenitores e influencias como as aberturas de ópera, os concertos para orquestra

barrocos, as sonatas de igrexa ou as suites orquestrais entre outros.

Abre o programa o *Concerto grosso núm. 5 en Re m sobre as sonatas de Domenico Scarlatti* de Charles Avison (1709-1770). Organista e compositor a cabalo entre o Barroco e o Clasicismo foi tamén autor das primeiras críticas musicais en inglés que recolleu no seu famosísimo *Essay on Musical Expression*. Entre 1743 e 1744 compuxo un total de 12 *concerti grossi* partindo da transcripción dalgunhas das sonatas do músico italiano afincado en España dende 1729 como mestre de música da raíña Bárbara de Braganza. Avison sinalaba tres razóns para facer estas composicións: a boa opinión que tiña sobre o autor, cumprir cas demandas dos músicos dos concertos públicos e privados da época (existía un verdadeiro culto por Scarlatti en Inglaterra) e corrixir ou simplificar certas partes que lle parecían innecesarias para facilitalas. O concerto *grosso* foi un dos grandes xéneros instrumentais do Barroco no que un grupo de solistas (concertino) se enfrontaba ao resto da orquestra (ripieno). O *Concerto núm. 5* divídese en catro movementos: *Largo*, *Allegro*,

Andante moderato e Allegro, os tres últimos baseados nas sonatas de Scarlatti K.11, K.41 e K.5 respectivamente. En todos eles o grupo de solistas está conformado por dous violíns, viola e violonchelo.

Seguidamente, recalamos en España con José Castel (1737-1807), un dos autores de música orquestral recuperado e posto en valor nos últimos anos xunto a outros nomes coetáneos do panorama nacional como Gaetano Brunetti, Carles Baguer, Ramón Garay, Josep Pons ou Josep Fábrega. Castel, orixinario de Tudela (Navarra) traballou como mestre catedralicio e tamén como editor e compositor teatral en Madrid. Compuxo un total de seis sinfonías dentro dun estilo que poderíamos enmarcar no Clasicismo temperán. A *Sinfonía núm. 3 en Sol M* bebe da práctica compositiva do momento común a outros países europeos: presenta unha estrutura en tres movementos (*Rápido-Lento-Rápido*), herdeira das aberturas napolitanas de ópera, chamadas “*sinfonía avanti l’Opera*”, e unha orquestra reducida con cordas e só dous óboes e trompas. O primeiro movemento, *Allegro Vivo*,

ten forma sonata dividida en exposición (con dous temas); un desenvolvemento con maior inestabilidade harmónica e a recapitulación, onde escoitamos de novo o material da exposición. O *Andantino Gracioso* presenta o mesmo esquema formal que o primeiro e supón un contraste co anterior cunha maior tendencia cara o lirismo, predominando nel as dinámicas suaves e articulacións *legato*. O terceiro, *Minuetto Allegretto-Trío* é unha danza de carácter desenfadado e estrutura tripartita, como será habitual nas sinfonías clásicas: *Minuetto - Trío* e volta ao *Minuetto*.

A seguinte escala da viaxe é Alemaña con dous dos grandes autores do Barroco: Telemann (1681-1767) e Bach (1685-1750) os cales coincidiron no seu periplo vital, chegando mesmo a competir polo posto de cantor da igrexa de Santo Tomás en Leipzig en 1722. Escoitaremos en primeiro lugar a *Abertura da Suite “La bizarre” en Sol M TWV55: 62* para cordas e baixo continuo de Telemann, quen escribiu obras deste xénero con títulos bastante pintorescos cos que pretendía renovar a escena xermánica a través do humor. Neste caso, “*La bizarre*” (“a estraña”) fai referencia a

NOTAS AO PROGRAMA

certas singularidades e irregularidades rítmicas presentes na abertura. A suite era un conxunto de danzas que normalmente estaban precedidas dun preludio ou abertura, como neste caso. A influencia francesa queda patente na estrutura deste movemento introdutorio, herdeiro do modelo fixado por Lully para a ópera francesa nos tempos de Luís XIV cunha sección lenta de ritmos apuntillados, seguida dunha parte central máis viva e imitativa entre os distintos instrumentos da orquestra para volver logo á sección lenta inicial.

A continuación, outra abertura, neste caso a *Sinfonía da Cantata BWV 42 “Am Abend aber desselbigen Sabbaths”* (“Na tarde do mesmo sábado”) de J.S. Bach. Aínda que tamén existiron exemplos profanos, a cantata foi un xénero con peso específico dentro da liturxia luterana. Dende 1723, ano no que comeza a traballar en Leipzig, Bach escribe cinco ciclos anuais de cantatas, ademais dalgunhas das súas obras vocais cumio. A BWV 42 foi escrita para o “dominica quasimodogeniti”, é dicir para o primeiro domingo despois de Pascua e estreouse o 8 de abril de 1725. Consta de sete movementos,

dos que escoitaremos o primeiro: *Sinfonía en Re M.* Para moitos estudosos do compositor, pode que Bach reciclara a mesma da primeira parte dun concerto para dous óboes e fagot, o que explicaría o protagonismo fundamental destes instrumentos. Presenta unha estrutura en tres partes con *da capo*, é dicir, repetición dende o inicio. A sección central, *cantabile* é a de maior lucimento das madeiras, mentres que no resto do movemento establécese un diálogo entre as cordas e os ventos.

Continuamos o noso percorrido da man de F.X. Richter (1709-1789), compositor nacido na rexión de Moravia, na actual República Checa. O autor, que tamén era violinista e cantante, foi fundador xunto a Johan Stamitz da famosa Escola de Mannheim en 1747. Nesta cidade alemá creouse unha importante orquestra que fixaría o modelo para todo o Clasicismo (cordas, madeiras a dous, trompetas, trompas e timbais) e un grupo de compositores sentaron as bases da sinfonía, exercendo unha gran influencia sobre Mozart e Haydn. Richter escribiu máis de 60 obras dentro do xénero e hoxe achegámonos a un exemplo temperán, a *Gran Sinfonía núm. 4 en Do M.* A obra

forma parte dunha das primeiras coleccións de sinfonías publicadas como xénero *per se*, —e non como abertura dunha ópera, suite, oratorio ou similar— que contou con 12 composicións e foi publicada en París en 1744. Está estruturada en tres movementos (*Allegro, Andante e Allegro*) e escrita para cordas e continuo, presentando unha sonoridade moi barroca que recorda os concertos para orquestra de autores como Torelli, pero tamén recursos da escola de Mannheim como os grandes *crescendi* ou as dinámicas contrastantes. O primeiro movemento cargado de enerxía ten un ritmo mecánico e conta ca presenza de células apuntilladas, moi do gusto francés como explicamos (seguramente nun aceno ao país onde se editou esta música). Contrasta amplamente o *Andante*, que semella unha aria operística. Finalmente, outro *Allegro*, unha danza ternaria de carácter alegre e fresco.

Pecha o concerto e a nosa viaxe a *Sinfonía en Do M Hob. I: 30 “Alleluia”* de J. Haydn. O compositor austríaco, figura central do Clasicismo xunto con W.A. Mozart, está considerado o pai da sinfonía, posto que é con el cando o xénero alcanza a súa verdadeira madurez. Compuxo un total de

104 sinfonías e esta nº 30 foi escrita en 1765, nos seus primeiros anos ao servizo da familia Eszterhazy, onde contaba cunha orquestra de virtuosos ca que podía experimentar diversos aspectos para as súas composicións. Foi escrita para ser estreada o sábado de Pascua, o que explicaría a elección da tonalidade —Do maior, polas connotacións relixiosas que tiña naquel momento e que tamén empregou no seu oratorio *A Creación*— e a introdución dunha melodía gregoriana no primeiro movemento na voz do óboe que da título ao conxunto da obra. Ao igual que no resto das súas sinfonías iniciais, está dividida en tres movementos herdados das tres seccións (*rápido-lento-rápido*) que tiñan as aberturas italianas, ás que nos referimos con anterioridade, aínda que posteriormente o xénero quedaría establecido en catro movementos. A instrumentación é a dunha orquestra preclásica, reducida, contando só con frauta, óboes e trompas, ademais do clave facendo o continuo, o que constitúe claramente un vestixio barroco (tamén atopamos como opcional o fagot dobrando aos violonchelos e contrabaixos).

NOTAS AO PROGRAMA

O primeiro movemente, *Allegro*, ten forma sonata cas tres partes habituais xa comentadas, pero aínda enmarcadas nunha división en dúas seccións propia das danzas da suite barroca: primeira sección (exposición) con repetición; segunda sección (desenvolvemento e recapitulación) tamén con repetición. O *Andante*, volve repetir a mesma estrutura en dúas partes: na primeira o tema inicial é presentado polas violíns e a continuación polas frautas; a segunda, máis longa está conformada por un pequeno desenvolvemento onde escoitaremos o tema do inicio do movemento noutra tonalidade e logo un fragmento que simula un concerto para fruta solista; seguidamente retómase o material da sección inicial. O *Tempo de minuetto più tosto allegretto* como acostuma, presenta o esquema: *Minueto-Trio-Minueto*, ca excepcionalidade de engadir unha sección antes da última volta ao *Minueto*. Escoitaremos cambios bruscos de carácter típicos do *Sturm un drang* do que Haydn estaba imbuído nestas sinfonías temperás: elegancia e refinamento no *Minueto*, ambiente lírico e *cantabile* no Trío (con protagonismo de violíns e fruta) e drama no anaco engadido anteriormente referido.

Sen movernos das nosas butacas, realizaremos pois o noso “Le gran tour musical” a través da escoita de obras de distintas zonas de Europa que, como explicamos, beberon das influencias doutros países, xéneros e compositores grazas á viaxe dos seus propios autores ou a partir de traballos que chegaban de lugares ben afastados, achegándonos deste xeito ao “mapa” complexo e diverso que desembocou na sinfonía.

Carme Tubío Barreira

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

PRÓXIMO CONCERTO

o inmigrante

XOVES 16 NOVEMBRO

Auditorio de Galicia, 20:30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Timothy Brock, director

- Nino Rota: Il Gattopardo: Ballabili
- Miklós Rózsa: Serenata Húngara, op.25
Estrea en España
- *The Immigrant*. Director: Charles Chaplin, 1917. Música: Timothy Brock, 2012